

## Xestión do risco

O Consello de Administración, a Alta Dirección de CaixaBank Payments & Consumer e o Grupo CaixaBank no seu conxunto están firmemente comprometidos coa xestión do risco.

O Grupo CaixaBank ten como obxectivo manter un perfil de risco medio-baixo, unha adecuación de capital cómoda e unhas métricas de liquidez folgadas, en consonancia co seu modelo de negocio e co apetito de risco definido polos seus órganos de goberno.

Como parte do marco de control interno e de acordo co establecido na Política Corporativa de Xestión Global de Riscos, CaixaBank Payments & Consumer dispón dun marco de xestión de riscos que lle permite tomar decisións fundamentadas sobre a adopción de riscos de forma coherente co perfil de risco obxectivo e o nivel de apetito establecidos polo Grupo. Este marco está composto polos seguintes elementos:

### >> ELEMENTOS CENTRAIS DO MARCO DE XESTIÓN DO RISCO



- **Goberno e organización:** desenvólvese a través de políticas, normas e procedementos internos que garanten a adecuada supervisión por parte dos órganos de goberno e comités directivos, así como pola especialización do equipo humano.



- **Procesos estratéxicos de xestión do risco** para a identificación, medición, seguimento, control e «reporting» (notificación) dos riscos:

**Identificación e avaliación de riscos. «Risk Assessment» (Avaliación de riscos):** exercicio anual de autoavaliación do perfil de risco da Entidade. O seu obxectivo é avaliar a situación de risco inherente e a súa tendencia, a súa xestión e control, e o resultado do seu goberno para cada un dos riscos do Catálogo. É unha das principais fontes de identificación de: riscos emerxentes, riscos cuxa materialidade ou importancia estea a aumentar de forma que podería levar á súa inclusión explícita no catálogo de riscos e eventos estratéxicos que afectan a un ou varios riscos que, polo seu impacto potencial a medio ou longo prazo, convén supervisar de xeito específico.

**Taxonomía e definición de riscos. Catálogo de Riscos:** relación e descrición dos riscos materiais identificados polo proceso de *Risk Assessment* con revisión anual. Facilita o seguimento e *reporting*, internos e externos, dos riscos.



- **Cultura de riscos.** A cultura de riscos artículase a través da formación, a comunicación e a avaliación e retribución do desempeño dos empregados, entre outras.

Para máis información sobre a **xestión do risco** e o seu **sistema de goberno e control**, consulte a sección [Comisión do Consello \(Riscos\)](#) e [Información económico-financeira \(Outra información financeira\)](#).